



¿QUE É O PUNTO LIMPO?

Son instalacións onde se recollen, clasifican e acumulan certos tipos de residuos sólidos urbanos tales como madeira, plásticos, colchóns, mobles e obxectos.

¿QUE SE PRETENDE CO PUNTO LIMPO?

- Evitar o vertido incontrolado de residuos voluminosos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida de lixo.
- Evitar o vertido de cascallos e outros restos no medio natural e urbano do termo municipal de Oroso.
- Coidar e protexer o medio natural buscando a clasificación e a reciclaxe de todos os residuos.

¿COMO FUNCIONA O PUNTO LIMPO?

1º⇒ Levar o lixo xa separado ó punto limpo

os venres de 12:30 a 14:00 horas
e os sábados de 12:00 a 13:30 horas.

2º⇒ presentarlle o D.N.I ó operario que informará ós usuarios sobre a forma de realiza-lo depósito de cada un dos residuos e da localización dos diferentes colectores.

3º⇒ Deposita-los residuos nos colectores específicos de forma correcta e seguindo as instrucións do operario municipal.

¿QUE NON SE PODE FACER NO PUNTO LIMPO?

- Entregar residuos que non procedan de domicilios particulares.
- Entregar residuos diferentes ós definidos no punto nº1.
- Depositar mesturados os diferentes residuos.
- Depositar residuos fóra do colector específico.
- Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
- Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fóra do horario de funcionamento do Punto Limpo.

SE NON VAS Ó PUNTO LIMPO, O PUNTO LIMPO VÉN A TI.

O primeiro sábado de cada mes os servizos municipais recollen os residuos sólidos urbanos que se depositen ó carón dos colectores verdes e así exime os cidadáns de ter que levalos ó punto limpo.

O incumprimento destas normas constitúe unha infracción que se sanciona de acordo coa Ordenanza Reguladora da Xestión de Residuos Urbanos, Limpeza Viaria e de Edificacións.

Para máis información, consulta a normativa na páxina web.

→ www.concellooroso.com

► O Punto Limpo de Oroso está situado na explanada da piscina ◀